

C.E.I.P MENÉNDEZ PELAYO

Rúa Serra de Outes s/n.
27004 Lugo.

Tfn: 982 202080 Fax: 982 218174



Plan de Convivencia





ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. BASE LEGAL.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN.

3.1 O colexio: características e entorno

3.2 Situación da convivencia no centro

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

4.1 Xerais

4.2 Para o profesorado

4.3 Para o alumnado

4.4 Para as familias

5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS FAVORECEDORES DA CONVIVENCIA.

5.1 Actuacións correctivas para o fomento da convivencia no centro en xeral.

5.2 En caso de alumnos/as que presenten alteracións de comportamento

ACTUACIÓNS INICIAIS

- a) Comunicación da situación**
- b) Información á familia**
- c) Pronóstico inicial**
- d) Toma de decisións inmediatas**

ACTUACIÓNS POSTERIORES

- a) Avaliación do comportamento problemático**
- b) Plan de actuación**

5.3 En caso de posible intimidación e acoso entre alumnos/as

ACTUACIÓNS INMEDIATAS

- a) Coñecemento da situación.**
- b) Recollida de información**
- c) Valoración inicial. Primeiras medidas.**

ACTUACIÓNS POSTERIORES

- a) Adopción de medidas de carácter urxente**
- b) Posta en coñecemento.**
- c) Apertura de expediente**

d) Plan de actuación

- 6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR.**
- 7. CONCRECIÓN DAS MEDIDAS OU OROGRAMAS, PERSOAS E RESPONSABLES, DESTINATARIOS E PROCEDEMENTOS PARA O DESENVOLVEMENTO.**
- 8. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO (dereitos e deberes).**
- 9. ESTABLECER DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á VIOLENCIA.**
- 10. NORMAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.**
 - 10.1. Composición do observatorio de convivencia**
 - 10.2. Competencias do observatorio de convivencia**
 - 10.3. Periodicidade das reunións.**
 - 10.4. Aula de convivencia.**
- 11. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS.**
- 12. ESTRATEXIAS PARA DIFUNDIR O PLAN DE CONVIVENCIA.**
- 13. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**



1. Introducción.

A escola é un lugar privilexiado de convivencia. É un espazo de crecemento, de experiencias compartidas, de coñecemento dos outros e de descubrimento do mundo. Na escola reproducense as situacións conflitivas da sociedade, pero tamén as posibilidades de superación e integración.

Os medios de comunicación unen acotío as palabras *violencia, acoso e fracaso* coa escola. Fronte a isto, nós temos que falar de *prevención, motivación, comunicación*; de obxectivos, proxectos e experiencias; de mestres/as, alumnos/as, pais/nais e compañeiros/as.

As situacións vividas na escola poden ser orixe de conflitos, pero tamén poden ser oportunidades para aprender.

Aprender a convivir é un dos fins básicos da educación, na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas.

Os nenos e nenas que maduren xuntos nun ambiente educativo de boa convivencia, poderán ser cidadáns capaces de asumir as diferenzas, respectar a outros e dialogar; en definitiva, de convivir.

Este será o obxectivo principal do presente plan de convivencia: **lograr un clima de convivencia baseado no respecto e na comunicación entre todos os membros da comunidade educativa.**

Coñecemos algúns dos factores responsables do deterioro da convivencia, como a indisciplina, o absentismo, as condutas agresivas... que adoptan formas diversas, dende a psicolóxica ata a física. Precísase por tanto dunha análise rigorosa dos factores que inciden na convivencia e unha intervención en diversos ámbitos para atopar a resposta educativa máis axeitada a cada caso, de aquí a necesidade de elaboración deste plan.

Entendemos que o alumnado debe estar aberto as situacións de cambio que experimenta a sociedade, educándoo na xustiza, liberdade e respecto.

A escola é, e quere ser, ideoloxicamente pluralista, en especial nas súas vertentes política e relixiosa. Isto significa respecto a todas as ideoloxías e crenzas, tentando dar ao alumnado as informacións o máis obxectivas posibles para que progresivamente forme os seus propios criterios e, analizando a realidade, poda tomar decisións responsables.

O centro deberá constituír o Observatorio da Convivencia Escolar segundo o Decreto que regula a súa creación e funcionamento.

2. Base legal.

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Primaria (DOG 21/10/96)

- Orde do 22 de xullo do 97, (DOG 2/9/97) pola que se regula o funcionamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Primaria
- NOF do centro.
- Lei 4/2011
- D. 8/2015

3. Análise da situación.

O C.E.I.P. Menéndez Pelayo é de titularidade pública. O seu ensino é gratuíto, correndo a cargo da Consellería de Educación o seu financiamento.

O **C.E.I.P. Menéndez Pelayo** é un centro público que imparte Educación Infantil e Primaria, de liña 2, con ao redor de 450 alumnos (número que pode variar ao longo do curso en función da chegada ou marcha do alumnado), os cales pertencen ao medio urbano, adicándose as súas familias, maioritariamente ao sector servizos. Todas elas con diferentes situacións, familiares, económicas e sociais que fan patente a presenza dun número de alumnos que acusan baixo rendemento escolar, actitudes, aptitudes, motivacións e intereses e coñecementos.

O número de inmigrantes é abundante provindo a maioría de ou Romanía e a República Dominicana ademais de alumnado de etnia xitana.

O C.E.I.P. Menéndez Pelayo está adscrito ao I.E.S. "Leiras Pulpeiro".

Segundo o establecido na **Orde do 18 de xuño de 2008** pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial, inclúennos na relación de centros cun posto de orientador a tempo completo, segundo se establece na Circular 18/2007.

Para este curso 2014-2015 non hai cambios significativos: a orientadora durante este curso atenderá a un único centro, o CEIP Menéndez Pelayo.

Esta circunstancia, permitirá a presenza na reunión de Departamento que fixa a lei, que será os martes despois da xornada escolar. Os mates na última sesión, faremos unha reunión de coordinación, entre a mestre de AL e a de PT.

O noso IES de referencia é o IES "Leiras Pulpeiro", situado cerca do noso centro. Durante o curso intentarase manter un contacto periódico entre ambas orientadoras e cando menos respectar as reunións trimestrais fixadas por lei.

3.1. Situación de convivencia no centro

- a. A situación actual de convivencia no centro pode cualificarse de aceptable. Hai que ter en conta que, por ser un centro que acolle un número importante de alumnado inmigrante de diferentes países e etnias, pode presentar, ás veces, un certo grao de



dificultade porque xorden problemas de interrelación. Algunhas veces a tendencia deste alumnado é a de formar grupos entre eles, o que non facilita a súa integración; poderíamos calificar estes casos como de desadaptación e provocan certo grao de agresividade que, ao estar controlado no centro, non require máis que prestarlle a debida atención. Aínda que é impredecible a frecuencia con que xorde a conflictividade por esta causa, adoita ser maior no primeiro trimestre.

Ás veces tamén se producen conflitos de índole sexista debidos, en moitos casos, ao diferente tratamento que se lles da ás mulleres nas culturas de procedencia do alumnado inmigrante.

- b. En xeral os tipos de conflitos máis frecuentes son:
- Disrupcións nas aulas: falar a destempo, interrupcións fóra de contexto, falar cos compañeiros/as
 - Distraccións e falta de atención
 - Esquece o material para o desenvolvemento da clase
 - Perda de respecto entre iguais e/ou a menores (sobre todo nos tempos de lecer).
 - Non acatamento das ordes educativas
- c. As causas adoitan ser:
- Falta de motivación
 - Chamadas de atención por motivos socio-afectivos
 - Dificultades de aprendizaxe
 - Falta de colaboración e/ou implicación por parte das familias
 - Impulsividade e pouca reflexión
 - Falta dun referente de autoridade
 - Diferenzas culturais

4. Obxectivos específicos.

4.1.Xerais

1. Responsabilizar a todos os membros da comunidade educativa para acadar un clima escolar adecuado que favoreza o proceso de ensino-aprendizaxe e mellore as relacións entre todos.
2. Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminacións por razón de raza, sexo, relixión, idade, neae...
3. Fomentar a implicación das familias coa escola.
4. Dotar ao centro dos recursos necesarios para atallar as condutas contrarias a unha convivencia sa a través de dinámicas e xogos de resolución de problemas e dinámicas de convivencia.



5. Previr a aparición de situacións de maltrato e violencia, tanto dentro como fóra do centro, así como as condutas racistas, xenófobas, sexistas ou antisociais.
6. Valorar os niveis de convivencia no centro, así como as posibilidades e áreas prioritarias de mellora da mesma.
7. Apoiar ao profesorado na formación de habilidades de comunicación e estratexias de intervención para afrontar os conflitos que se plantexan na escola.

4.2. Para o Profesorado

1. Acadar a formación precisa para afrontar debidamente a prevención e resolución de conflitos
2. Coñecer os dereitos e deberes de cada sector da comunidade educativa (a través de diferentes carteis nos corredores do centro, por ciclos).
3. Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección
4. Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos
5. Programar e desenvolver actividades co alumnado e as familias relacionadas coa prevención e resolución de conflitos
6. Coñecer e participar nos procedementos de resolución de conflitos e na imposición de sancións
7. Velar pola proporcionalidade das sancións e a súa adecuación á lexislación e ao NOF
8. Inculcar ao alumnado a ás familias que o desenvolvemento dos dereitos propios acompáñase do cumprimento dos deberes hacia os demais

4.3. Para o Alumnado

1. Dotar ao alumnado de estratexias para a prevención e resolución de conflitos, tanto no entorno escolar como fóra del
2. Fomentar actitudes de responsabilidade no uso e coidado do material e das instalacións
3. Fomentar actitudes de respecto, colaboración e solidariedade
4. Fomentar actitudes positivas no uso da linguaxe
5. Desenvolver habilidades sociais que lles permitan comprender os diferentes puntos de vista, fomentando as habilidades de comunicación, tratamento e actuación ante os conflitos xurdidos de forma que aprendan a convivir en sociedade
6. Coñecer os dereitos e deberes do alumnado
7. Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección

4.4. Para as Familias.

- Implicar ás familias no proceso educativo, en xeral, e na participación nas medidas de prevención e corrección de condutas perturbadoras da convivencia, en particular
- Participar no desenvolvemento dunha boa convivencia no centro, a través do Consello Escolar, da Comisión de Convivencia e da ANPA
- Fomentar a colaboración e o intercambio de información para un mellor desenvolvemento do proceso educativo do/a alumno/a
- Coñecer os seus dereitos e deberes e os dos seus fillos/as, como membros da comunidade educativa
- Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección

5. Actuacións, medidas ou programas favorecedoras da convivencia.

As actuacións preventivas e aquelas que contribúan á detección e xestión da conflitividade deberán incluírse nos respectivos plans de convivencia e serán, como mínimo, as seguintes:

Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.

Isto aparece recollido no plan de acollida do centro. Remitirémonos a este para levar actividades deste tipo, como por exemplo (Anexo 1):

- Dinámicas de presentación do novo alumno por parte do mestre/a titor/a e xogos que favorezan o coñecemento entre os alumnos.
- Elaboración de murais para coñecer o seu país de orixe e explicación das outras culturas presentes na aula.
- Explicación das normas.
- Estudo de vocabulario básico, explicando que palabras corresponde a cada lingua. Con este poderemos realizar un dicionario de imaxes....

Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.

En primeiro lugar, convén empezar a tratar o tema do acoso escolar de forma positiva. É dicir, trataremos de favorecer os bos tratos e as relacións positivas entre todas as persoas que convivimos no centro. Neste apartado podemos incluír as seguintes actividades:

GUÍAS PARA O ALUMNADO:

- Tratémonos bien. Guía para el alumnado de Primaria.



- Buenos tratos: para a etapa de Primaria.
- No te enredes en la red. Guía para conocer el cyberbullying y algunos peligros de internet y de las nuevas tecnologías.
- Cuentan igual: taller de resolución de conflictos dirixido a alumnado de 3 a 6 anos.
- Cuentos para vivir e soñar
- Programa "buenos tratos": "La magia de los buenos tratos", dirixido ao alumnado de Educación Infantil.

ACTIVIDADES DE CLASE:

a) Infantil:

- A semana das...
- O cumpreanos na aula.
- Xogar a ser iguais.
- Un sms na botella.
- Protagonista da semana.
- Temos un tesouro en clase.
- Aprendendo a ser responsables.
- Aprender a integrarse na aula...
- Normas si; pero Raúl se portó mal: fomenta o coñecer a outros nenos, fixarse nos seus deberes, intereses e necesidades, axudarse, facer xuntos unha actividade, xogar xuntos, falar cos compañeiros...
- Traballo das condutas prosociais.

b) Primaria:

- JUUL. Lectura e Propuesta didáctica para traballar a agresividade verbal na escola.
- Taller de resolución de conflitos a través de diferentes dinámicas de aula.
- Elaboración dun mural traballando os dereitos e deberes de toda a comunidade educativa.

GUÍAS PARA AS FAMILIAS:

- Guia para las Familias.
- O Método de Pikas

COMICS:

- El maltrato entre escolares. Guía para jóvenes. Defensor del Menor, Comunidad de Madrid.
- El maltrato entre escolares. Guía para padres. Defensor del Menor, Comunidad de Madrid.

- Materiales didácticos para prevenir el CyberBullying. Ararteko, Defensoría del Pueblo CAPV.
- CiberBullying. GUÍA RÁPIDA para la prevención del acoso por medio de las nuevas tecnologías. Ararteko, Defensoría del Pueblo CAPV.
- Ventanas. Una Aventura REAL en un Mundo VIRTUAL. Disfrutar de Internet ... sin caer en la red. Ararteko, Defensoría del Pueblo CAPV.

TEATRO:

- Primer laberinto, María. María recibe as burlas e bromas pesadas dos seus compañeiros sobre o seu físico.
- Primer laberinto, Hugo. Oo intelixente Hugo convértese nunha persoa violenta.
- Primer laberinto, Alberto. Alberto é un rapaz que recibe o rexeitamento dos demais por mor da súa inclinación sexual.
- Primer laberinto, Mikhaela. Mikhaela é unha rapaza romaní que é rexeitada polos demais por ser estranxeira.

VÍDEOS:

- ¿Conoces a alguien como Adolfo?: tratase dun conto dun neno que se burla constantemente dos demais.
- Un día más.
- La panda del patio
- "El sandwich de Mariana": é unha historia no que o maltrato a todos os niveis se manifesta.
- Famosos contra o Acoso.

CANCIONES:

- Haze: Qué bonita es la infancia.
- Kiko y Shara: Tras los libros.
- Responsables: Basta de matones.
- Bebe: Ella

PELÍCULAS:

- Cobardes. "Cobardes" é a historia de dous rapaces de secundaria, un a vítima e o outro, o verdugo. Guille é, en aparencia, un rapaz como moitos: boas notas, bon deportista e cunha familia que lle respalda. Descubre que actuar de "chulito" en clase lle da certo respecto, polo que, sen dubidalo, escolle a unha vítima e, con calquera pasa o día acosado cos seus amigos. Gabriel é a vítima elixida. O único motivo: ter o pelo roxo. (FILMAFFINITY). Directores: José Corbacho e Juan Cruz. Año: 2008. País: España. Duración: 89 m.

- The Glass. Joseph é un rapaz taciturno, introvertido, incompetente nos deportes, distinto, raro. Todo iso fai del un cabeza de turco ideal para os matóns do seu instituto. A escalada de humillacións e o ensañamiento van crecendo mentres a vida de Joseph vólvese máis insoportable. Entón chega Kaspar, un amigo inesperado, un aliado. Agora xa no está só. Agora son dous e queren a revancha porque os mansos cansaron. Porque planean fría e concienzudamente a súa vinganza... Seguindo a estela de Elephant (Gus Van Sant, 2003) Klass é unha reflexión sobre a xestación da violencia adolescente, unha historia que supón unha chamada de atención sobre o acoso escolar (bullying) á vez que, con obxectividade, rastrea a crueldade na adolescencia, os seus motivos e as respostas violentas en situacións extremas. (FILMAFFINITY). Director: Ilmar Raag. Año: 2007. País: Estonia. Duración: 99 m.
- Bullying. Jordi é un adolescente que cambia de cidade xunto coa súa nai para iniciar unha nova vida. O destino lle reserva unha cruel sorpresa, pois cando traspasa as portas do seu novo instituto, cruza sen sabelo a tenebrosa fronteira do mismísimo inferno. Para escapar non terá máis remedio que, en solitario, buscar desesperadamente a saída. (FILMAFFINITY). Director: Josecho San Mateo. Año: 2009. País: España. Duración: 90 m.
- Elephant. Recreación en clave de ficción da matanza ocorrida no instituto Columbine por parte de dous adolescentes. É un bonito día de outono. Eli, camiño de clase, convence a unha parella de rockeiros para facerlles unhas fotos. Nate termina o seu adestramento de fútbol e queda coa súa noiva Carrie para comer. John deixa as chaves do coche de seu pai na conserxería do instituto para que as recolla o seu irmán. Así, un día calquera, os estudantes de este instituto norteamericano fan a súa vida rutinaria: van a clase, crúzanse polos corredores e conversan, fan deporte, comen na cafetería, realizan as súas actividades, etc. Pero ese día non será como os demais... (FILMAFFINITY). Director: Gus Van Sant. Año: 2003. País: Estados Unidos. Duración: 81 m.
- Ben-X. Ben carga coa cruz de ser o raro da súa clase, o favorito para as bromas e crueldades dos matóns do instituto. A intelixencia de Ben é superior ao do resto dos seus compañeiros, pero tamén é retraído, exacerbadamente tímido... hasta o punto que parece rozar o autismo. A súa vida no colexio é un inferno pero, cando chega a casa, ao refuxio da súa habitación, séntase diante do ordenador e xurde o Ben amo e señor do xogo online favorito de millóns de adolescentes, incluídos os que o atormentan a diario. Mediante este xogo Ben logra manterse vivo, deixar de ser unha vítima para converterse en heroe. (FILMAFFINITY). Director: Nic Balthazar. Año: 2007. País: Bélxica. Duración: 90 m.
- Machuca. Chile, 1973. Gonzalo Infante e Pedro Machuca son dous nenos de once anos que viven en Santiago, o primeiro nun barrio acomodado e o segundo nun humilde poboado ilegal recentemente instalado a poucas mazás de distancia, dous mundos separados por unha gran muralla invisible que algúns, no seu afán por facer realidade os sonhos dunha época chea de esperanzas revolucionarias, queren derribar. Un destes soñadores, o director dun colexio



religioso privado, o padre McEnroe, co apoio de parte dos pais, integra no elitista colexio a chicos de familias de escasos recursos procedentes do poboado, coa firme decisión de que aprendan a respectarse mutuamente. É así como Pedro Machuca está na mesma clase de Gonzalo Infante e entre eles nace unha amizade chea de descubrimentos e sorpresas. Pero ás dificultades obxectivas deste intento de integración se agregan as que se derivan do clima de aberto enfrontamento social que vive a sociedade chilena... (FILMAFFINITY). Director: Andrés Wood. Año: 2004. País: Chile. Duración: 120 m

RECURSOS PARA COÑECER E INTERVIR ANTE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR:

CUESTIONARIOS:

É moi importante coñecer o estado da situación no noso centro, para isto podemos empregar algún dos seguintes modelos de cuestionarios para pasar ao alumnado a través dos titores:

- [Cuestionario sobre la convivencia en el instituto.](#)
- [Cuestionario de clima de centro y aula para el alumnado.](#)

Despois de revisar os datos, é convinte obter conclusións cos titores de cada nivel educativo. Coñecer mellor a situación do grupo-clase, do alumnado en risco de victimización, do alumnado agresor, etc. Posteriormente, os datos pódense presentar ante os pais de cada titoría, ante a CCP e ante o Claustro e o Consello Escolar. Trátase de sensibilizar e adoptar medidas para -sobre todo- previr, pero tamén para intervir ante estas situacións.

PROTOCOLOS:

- [Guía para el profesorado tutor.](#) Que facer ante un caso de maltrato entre escolares? Protocolo de actuación do centro.
- [Resolución con protocolos de actuación de centros para casos de acoso escolar, agresión al profesorado o al PAS.](#) Consejería de Educación de la Junta de Andalucía.

RECURSOS PARA A INTERVENCIÓN EDUCATIVA:

- [El método de Pikas.](#) Método de preocupación compartida.

RECURSOS PARA CREAR UN BON CLIMA DE CLASE

- [Juegos para la cooperación y la paz.](#) Página de Antonio Vicent.
- [Programa de desarrollo de conductas de cooperación en el alumnado.](#) Proyecto de investigación e innovación. Comunidad de Murcia.

RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS:

- OLWEUS, D.: Conductas de acoso y amenaza entre escolares. Madrid. Morata. 1998.
- DÍAZ-AGUADO, M.J.: [Convivencia escolar y prevención de la violencia](#). INJUVE y CNICE (web).
- ORTEGA, R.: [La convivencia escolar: qué es y cómo abordarla](#). Programa Educativo de Prevención de Maltrato entre compañeros y compañeras. CEJA, 2003.
- AGUIAR, N. y BRETO, C.: [La escuela, un lugar para aprender a vivir. Experiencias de trabajo cooperativo en el aula](#). M.E.C., CIDE. 2005.
- TORRES, A.: [Mejorando la convivencia en los centros](#). Consejería de Educación. Murcia.
- [Actividades y Materiales sobre Convivencia y Maltrato entre compañeros](#). IX Congreso Estatal de Maltrato Infantil. Valladolid, 2008.
- [¿Lo vas a consentir? Maltrato cero](#). Orientaciones sobre el acoso escolar. Asturias, 2006.
- AVILÉS M., J.M.: BULLYING: [Intimidación y maltrato entre el alumnado](#). STEE-EILAS, 2002.

PÁXINAS WEBS:

- [Maltrato entre alumnos](#). Jordi Collell i Carme Escudé.
- [Webquest sobre el Maltrato entre iguales](#). Jordi Collell i Carme Escudé.
- [Tria la teva solució/Escoge tu solución](#). Historia interactiva del alumnado de la Escuela Pía de Igualada. En la web de J.Collell i C.Escudé.
- [Educación en valores](#).
- [La mirada de Jokin](#).
- [ANTI-BULLYING](#). Línea de ayuda contra el acoso escolar.
- [ACOSO MORAL](#). Gobierno de Canarias.
- [ANTI-BULLYING-NETWORK](#). Página en inglés de la Universidad de Edimburgo.
- [EduAlter](#). Red de recursos en educación para la paz, el desarrollo y la interculturalidad.
- [Teachers TV](#). Página en inglés con recursos sobre el bullying.
- [STOP BULLYING NOW](#). Página en inglés con materiales, juegos e historias (webisodes) sobre el tema.

Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

Recursos xerais.

- Colección Plan de Igualdade. Nesta Colección editáronse e distribuíronse diversos materiais que ofrecen ao profesorado instrumentos didácticos para traballar nos centros a igualdade de xénero.
- Guía de recursos do instituto da muller do Principado de Asturias. Consta de artigos, libros para Ed. Infantil, Primaria e Secundaria, para o profesorado, web, fichas de recursos...
- Consorcio Vía verde. Material didáctico elaborado e editado para o desenvolvemento dun programa coeducativo sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, dirixido ao profesorado.
- Señoras mestras e señores mestres: 130 propostas para a coeducación.
- Educando en Igualdade é un programa de FETE UGT en colaboración co Instituto da Muller e o Ministerio de Igualdade, ten como obxectivo converterse no punto de referencia e confluencia do mundo educativo no reto de implementar as políticas de igualdade para lograr unha sociedade máis xusta. Consta de: Guía do profesorado, Guía para Infantil e Guía para Primaria.
- Nin superheroes nin princesas. Conto: Tanga e o gran leopardo. Recurso de 3 a 12 anos

Educación INFANTIL:

- Bajo una seta: traballamos a igualdade.
- La zorra y el cuervo: confianza mutua.
- No seas descarado: rirse dos demais.
- Educando en Igualdade: Manual con algunhas actividades interesante para iniciar aos e as máis peques nisto da igualdade.

- Guía de Educación sexual para a primeira infancia (nais e pais y profesorado de Ed. Infantil). É un recetario de como abordar a Educación sexual nestas idades desde todos os ámbitos.
- Xogo sociodramático e diferenzas de xénero: unha experiencia en Educación Infantil.
- Coeducar para a conciliación da vida familiar e laboral. Manual didáctico para Infantil 3-6 anos.
- Poemas para traballar a coeducación para Infantil e Primaria.
- El día que mi papá se puso un delantal. Actividades para realizar co alumnado xunto cos seus pais.
- Ni un besito a la fuerza. É un libro claro e sinxelo para previr o contacto físico non desexado en etapas temperás. Contribúe á prevención do abuso sexual a menores.

PRIMARIA:

- Coeducación en Primaria: O interesante deste texto é a súa metodoloxía e as propostas didácticas por áreas.
- Guía de Educación sexual para Primaria (nais, pais e profesorado de Primaria)
- Unidade didáctica: Homes e mulleres (Primaria)
- Unidade Didáctica: "Vamos a medias" (3º-6º de Primaria)
- Afecto y Coeducación en Primaria. Traballa valores como a amizade, os sentimentos, a autoestima, etc, con proposta de actividades secuenciadas.
- A Ciudadanía y los derechos de hombres y mujeres. É de gran utilidade para ensinar a importancia dos dereitos e deberes de todas as persoas, para vivir de forma organizada e respectarnos os uns aos outros, sen discriminacións por cuestións de sexo. Axuda a

crearnos unha identidade persoal propia, elixida libremente, e a crear relacións saudables.

- Yo cuento, tu pintas y ella suma. Educación para a saúde e a igualdade en Primaria.
- El misterio del chocolate en la nevera. Propón unha serie de actividades para primaria que xiran ao redor dunha historia cotiá. Son situacións que o alumnado pode identificar facilmente, protagonizadas por unha personaxe moi cercana en idade e actividades a calquera alumno ou alumna de primaria. Nelas dánse unha circunstancia común, aparentemente sen importancia, na que a persoa protagonista termina dándose conta de que as cousas seguen o seu curso grazas á aplicación duns saberes e á realización dunhas actividades, que aínda que non sempre vexamos, fanse e non por casualidade.

INFANTIL e PRIMARIA:

- Desmontando a Disney. As películas de Disney reproducen “un estereotipo dos xéneros... que ten un efecto adverso sobre a infancia, ao contrario do que nais e pais poidan pensar... As familias pensan que son esencialmente inofensivas, e en absoluto o son”.
- Visionado e traballo posterior de contos coeducativos como: SuperLola (ademais do conto tamén temos en internet a guía de traballo). Lola soña cun mundo mellor no que todas as nenas e nenos se sintan libres para ser o que queiran. Así se presenta a protagonista de SuperLola, un conto coeducativo que fala da igualdade cunha linguaxe moi sinxela. É unha nena inqueda, divertida e valente que quere cambiar o mundo. Ela quere ser superheroína, así que se pasa todo o día correndo dun lado a outro para ser cada vez máis forte ou lendo libros de mulleres valentes que tamén cambiaron o mundo.
- Visonado de “Unha feliz Catástrofe”. Trátase dun video-conto onde se analiza a participación dunha rata de familia numerosa no rol dentro da familia comparándoo co seu marido e pai respectivamente. Ten por obxectivos: concienciar aos nenos de como se sente unha persoa discriminada e facerlles reflexionar sobre o por que da discriminación. Ademais, pretenderase que os nenos sexan máis tolerantes. Como contidos a destacar mencionar a discriminación en España, por raza, orixe social ou preferencias sexuais. Como exemplo de actividades que se traballan neste material podemos destacar:



- En primeiro lugar: xogo no que cada alumno leva unha pegatina nas costas con algo que o defina, pero non pode saber que é nin o resto dos compañeiros debe dicirillo, pero si deben tratarse como crean segundo a pegatina que leven. As etiquetas poden ser: persoa de raza negra, persoa de raza china, chico gay, chica lesbiana, mendigo, señora da limpeza, etc. Posteriormente farase unha reflexión con eles, intentando adiviñar que etiqueta levan e preguntándolles como lles trataron, se os discriminaron e por que.
- En segundo lugar, apoiándonos na canción Calle Mayor de Revolver, poderase facer unha pequena interpretación da historia que conta esta canción.
- Por último, realizaremos unha reflexión final con preguntas aos alumnos sobre as imaxes do vídeo da canción ¿No podíamos ser agua? De Maldita Nerea, xa que trata dun home de raza negra vendendo paquetes de panos de papel na rúa.
- "Os Sneetches": Ler á clase a historia de Dr. Seuss "Los Sneetches" e desenvolver unha breve discusión. Preguntar aos alumnos como se sentirían senón puideran ser parte do "grupo de moda", se as persoas deben ser tratadas de acordo ao seu aspecto. Posteriormente podemos cortar estrelas verdes de papel e colocalas con alfinetes á metade dos estudantes. Darlles aos estudantes con estrelas un tratamento especial e ignora ao resto. Despois dunha hora máis ou menos, facer que os estudantes cambien de lugar. Ao final do xogo, discute en clase os sentimentos negativos que causa a discriminación e o que os estudantes poden facer para evitala.
- Aclarar conceptos erróneos: Pedirlles que nomeen grupos da súa comunidade que senten que a miúdo son obxecto de discriminación, tales como os anciáns, as mulleres e os grupos relixiosos. Escribe unha lista destes grupos na pizarra e divide a clase en grupos pequenos de tres ou catro. Etiqueta a cada grupo como un dos grupos discriminados. Pídelles que identifiquen as razóns polas cales son discriminados. Fai que cada grupo traballe nunha campaña publicitaria que promova unha representación positiva do grupo discriminado. Cada grupo pode presentar a súa campaña publicitaria á clase.
- Dramatización en clase: Divídeos en grupos de catro ou cinco e pídelles que elaboren unha obra de teatro, ou xogo corto, mostrando unha situación que implique discriminación. Pídelles que representen primeiro os roles que participan na discriminación e logo que fagan a escena por segunda vez cunha solución para deter a



discriminación. Discutan as maneiras efectivas para deter ou non participar na discriminación.

- Conto corto ou poema: Pide aos alumnos que pensen nun momento no que foran discriminados, ou un momento en que alguén coñecido a sufrira. Discute os sentimentos e emocións que causa a discriminación. Failles escribir un conto corto ou un poema sobre a situación así, pídalles que escriban unha historia de ficción ou poesía sobre tal situación. Os que sintan cómodos para ler ou recitar o seu escrito animarémolle a compartilo co resto da clase.
- "A cesta da igualdade". Trátase dunha adaptación do xogo de distensión Cesta de froitas que xa empregamos no taller de resolución de conflitos no terceiro ciclo de EP. Sentámonos en círculo (se hai cadeiras, haberá unha silla menos que participantes, e se non, pódense sentar no chan) e se pregunta por palabras sinónimas de igualdade (dependendo da idade nos dirán unhas palabras ou outras). Seleccionamos 4 e adxudicamos, por orde, unha a cada participante. Quen dinamiza o xogo comeza sen cadeira ou sen sitio e colócase de pé no centro do círculo e dirá ben forte 2 palabras das 4. Quen "teña" esas palabras ten que cambiar de sitio, momento que aproveita quen está de pé para sentarse. Quen se queda sen cadeira ou a última persoa para sentarse no chan pasa á posición central e lle toca dicir 2 palabras. Un pouco máis adiante se introduce a variante de gritar "¡igualdade!" e entón todo o mundo cambia de sitio
- "**A favor/en contra**" tamén é unha adaptación dun xogo denominado "Barómetro de valores". Consiste en que as persoas que participan deben pronunciarse a favor ou en contra dunhas determinadas afirmacións, situándose para isto a un lado ou a outro do espazo do que dispoñamos (pode ser un aula, un corredor ou iunha praza!). A modo de exemplo, propoñemos afirmacións que podemos traballar con nenos e nenas de educación primaria:
 - Todos os seres humanos nacen iguais en dignidade e dereitos
 - Desde que nacemos aos nenos hai que vestilos de azul e ás nenas de rosa
 - As tarefas domésticas (limpar, pranchar, cociñar...) son cousa tanto de homes como de mulleres

- Tanto mulleres como homes podemos xogar ao fútbol
- Tanto homes como mulleres podemos practicar ballet
- Insultar ou rirse de outra persoa non son malos tratos
- Tanto homes como mulleres podemos coidar dos nosos seres queridos
- A igualdade fainos ser máis felices a todas as persoas

Unha vez posicionados a un lado ou a outro, pregúntase a unha persoa de cada lado por que está a favor ou en contra e se permite que de novo se posicionen o total de participantes. Dependendo tanto do espazo como do número de participantes extenderémonos máis na avaliación.

Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

A etapa educativa infantil é a mellor para a incorporación de actividades relacionadas coas actitudes e valores de igualdade xa que os nenos e nenas cando se escolarizan se incorporan xa á escola con certas experiencias de socialización e unha determinada identidade cultural. Aos cinco e incluso antes, poden presentar actitudes de rexeitamento hacia membros de outros grupos sociais ou étnicos.

Os centros deben traballar para que se convertan en espazos multiculturais que recoñezan e comprendan a diversidade cultural e racial, evitando que inmigrantes e minorías étnicas se sinta excluídos ou discriminados por manifestacións racistas e xenófobas. Da mesma forma debe facerse con outros grupos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou discapacidades.

O centro debe colaborar de forma coordinada con todos os membros da comunidade educativa e concienciar da necesidade e participación de todos eles. É imprescindible que os pais e nais dos alumnos e alumnas participen nas actividades que promova o centro, de forma que se lles faga reflexionar da necesidade de establecer unha adecuada coordinación para fomentar a educación en valores, así como que aprendan estratexias para fomentar os seus fillos e fillas a igualdade entre todos.

Para que a diversidade étnica e cultural se transforme en algo enriquecedor é preciso respectar a diversidade e promover o intercambio para conseguir pasar dunha sociedade multicultural a outra intercultural.

A actitude positiva do educador é fundamental para levar a cabo actividades enriquecedoras e que fomenten valores positivos nos nenos e nenas, xa que nesta etapa o docente actúa como principal modelo para os pequenos.

Deben aprender a coñecer, valorar e respectar as outras culturas da sociedade á que pertencen, valorando as diferenzas como un enriquecemento. A educación intercultural non é necesaria só para os diferentes senón para todos, tamén, e sobre todo, para as maiorías. Para isto, é fundamental a planificación de actividades estimulantes e divertidas, que ensinen os valores positivos aos nenos e nenas.

O que fai que se modifiquen estas pautas de comportamento é principalmente os condicionantes familiares. O neno ou nena queren parecerse aos seus pais, e as ideas ou crenzas da súa familia (tanto pais como avós) chegan a ser o seu modelo a seguir. De pais con prexuízos saíran fillos e fillas con prexuízos. Non é necesario que estes se mostren de forma directa e activa, o neno ou nena observa todo o que pasa ao seu arredor e é, en xeral, especialmente sensible á linguaxe corporal.

Nunha etapa posterior, na adolescencia, o racismo brota ao seguir as normas dos seus amigos e, en especial, as do líder das primeiras pandillas. Aquí xa non intenta parecerse aos seus pais, pois xurde a necesidade dunha autoafirmación e dunha rebeldía.

O mestre ou mestra na aula realiza esta mesma función de referencia. O seu papel é fundamental pois serán el ou ela os encargados de modificar esa conduta ou mellor, de previla antes da súa aparición.

Para traballar este tipo de aspectos poderemos traballar a través de vídeo contos facendo un vídeo fórum. Entre estas podemos salientar:

Educación infantil e 1º e 2º de Educación Primaria:

- Orejas de Mariposa" de Luisa Aguilar.
- "Por cuatro esquinitas de nada" de Jérôme Ruiller.
- "El cazo de Lorenzo" de Isabelle Carrie
- "Cuerdas" de Pedro Solís: é un corto imprescindible para entender que a amizade está por encima das diferenzas.
- Mi lado de la bufanda": conto imprescindible para entender a natureza da amizade.
- "Pájaros" de Pixar: Un divertido corto sobre como a vida pode dar a volta á tortilla e poñernos no lugar do outro.
- "El puente" Ting Chian Tey: Unha historia que nos pode servir para reflexionar sobre as diferentes maneiras que temos de enfrontarnos a un conflito.
- "Inés Tres-Pies" de Tessie Solinis: Inés ten tres pés... e iso ten as súas vantaxes e os seus inconvintes.
- "Pobre Cigüeña": corto sobre unha cegoña á que lle dan os encargos máis complicados. Nas nosas clases a miúdo nos ocorren estas cosas... hai peques

especiais porque pola súa forma de ser son máis latosos ou difíciles... iso tamén é diversidade e eles necesitan sentirse queridos e valorados e nos necesitamos prepararnos ben... serve tamén para E.P.

- "El patito feo" de Hans C. Andersen: Un conto sen idade... que está cheo de mensaxes en clave para entender o proceso vital polo que nos encontramos a nós mesmos.
- "Lolo, un conejo diferente" de Guido Van Genechien: Lolo é un coello un pouco especial porque unha das súas orellas lle cae hacia o lado.
- "Los colores de las Flores", corto da ONCE que nos axudará a entender a forma de percibir o mundo das persoas cegas.
- "Out of sight" ("Fuera de la vista"): Unha nena pasea pola cidade e alguén lle quita o bolso... o seu can corre tras el e se queda sola e perdida. Como percibirá agora o entorno que a rodea? Un corto xaponés na liña do anterior pero moito máis específico.
- "Todos somos especiales" de Arlene Maguire: "Todos somos especiales, únicos y fenomenales...". Libro en verso que ensalza a diferenza como valor.
- El nombre lo dice todo. Sexas como sexas...
- El hada fea: Aceptarnos tal como somos
- Animales de colores: Aceptar as diferenzas, ter a mente aberta e evitar prexuizos. Visualización e Imaxinación
- El tigre que se reía de todos: Valorar as cousas boas dos demais, e nunca burlarse das súas debilidades.
- Un chocolate muy especial: un alumno novo chega ao noso centro. Os nenos pensan que é de chocolate e quéreno comer.

Educación Primaria:

- Animales de colores: Aceptar as diferenzas, ter a mente aberta e evitar prexuizos. Visualización e Imaxinación
- "Hugo, un amigo con Asperger" de INASHMED: os compañeiros dun neno/a con esta forma de ser poidan entendelos un pouco mellor.
- Análise e posta en común do Anuncio de 2015 de COCA-COLA.
- Los duendes malvados: un conto sobre Respecto e consideración.
- "Diverdiferencias" Proxecto Homofobia na escola: a historia dun grupo de amigos que descubren o dereito de cada cal a ser como é.

- "La discriminación no es cosa de juego" de LADO: Este pequeno conto axuda a entender os problemas que produce a discriminación. É un pouco duro pero merece a pena tratalo en clase sobre todo a partir de 5 anos pero sobre todo en Primaria.
- Abuelos contra marcianos: un conto sobre o respecto aos maiores
- El deductivo señor Tábano; un conto sobre evitar os prexuízos
- El mejor robot: un conto sobre integración e aceptación das diferenzas
- El niño de las mil cosquillas: un conto sobre aceptarnos tal e como somos.
- El Día del Silencio: un conto sobre integrar ás persoas con minusvalías
- Ladrones en el jardín: un conto sobre evitar os prexuízos.
- Billy Elliot: Billy é un rapaz de 14 anos que lle gusta o ballet e ten problemas para poder exercelo dado que é un "ambiente para nenas". Billy consigue que o seu entorno venza estes estereotipos e o valore e acepte tal e como el é.
- Invictus: Invictus está inspirada en como Nelson Mandela aproveitou o Campionato Mundial de Rugby de 1995 en Sudáfrica para superar as situacións de racismo derivadas do Apartheid.
- Quiero ser como Beckham: desafío dos esterotipos. Anexo sobre unidade didáctica e proposta para o profesorado.

Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

Como medidas complementarias o DO elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais como complemento das medidas correctoras. Programa que neste centro temos recollido no Plan de acción tutorial, como programa de habilidades sociais.

6. Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar.

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo.

Aínda que os modelos preventivos de carácter xeral no ámbito de centro e de aula son a mellor vía para que os problemas de convivencia se reconduzan de xeito positivo e se garanta unha axeitada convivencia escolar, non obstante, en ocasións, xorden episodios graves coma o acoso.

As fases para tratar este protocolo recóllense a continuación. Basearémonos no protocolo editado pola Xunta de Galicia en 2013 onde se recollerán os diferentes anexos aos que a continuación se fai referencia.

Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación

- Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (anexo I)
- Medidas urxentes de protección á presunta vítima
- Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo II)
- Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexo III e IV)
- Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (anexo V)
- Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (anexo VI)

Segunda fase. Recollida de información. Rexistro (anexo VII)

- Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista (anexo VIII)
- Entrevista individual á/s persoa/s responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista (anexo IX)
- Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista (anexo X)
- Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s (anexo XI e XII)
- Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo XIII)

Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas

- Análise da información (anexo XV)
- Adopción de medidas (anexo XVI)
 - Medidas de protección á vítima
 - Medidas reeducadoras e correctoras para a persoa ou persoas agresora/s
 - Medidas reeducadoras para a persoa ou persoas agresora/s
 - Medidas correctoras para a persoa ou persoas agresora/s (anexos XVII e XVIII)
 - Outras medidas
 - Comunicación á Inspección Educativa (anexo XIX)

Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. Rexistro (anexo XX)



7. Concreción das medidas e programas, persoas e responsables, destinatarios e procedementos para o desenvolvemento deste plan.

ESTRATEGIAS DE PREVENCIÓN: actuacións previstas dentro do PAT e de Convivencia

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLE	RECURSOS	TEMPOR.	AVAL.
Elaboración	Reunións de traballo	-Equipo directivo -Claustro	- Lei 4/2011 - D.8/2015 - NOF -Materiais do portal educativo.	3º trimestre do curso 2015/16	1ª quincena do curso 2015/16
Aprobación	-Reunións da CCP -Sesións de claustro -Consello Escolar	-CCP -Claustro -Consello Escolar	-Plan de Convivencia	Setembro	
Posta en marcha	-Reunións de traballo coordinadores e titores -Intercambio de información sobre o alumnado entre os titores.	-Equipo directivo -Coordinadores de ciclo -Titores/as	-Plan de acollida -Expedientes e informes do alumnado	1ª quincena de outubro	
Dar a coñecer o Plan ao alumnado	-Coñecemento das normas que rexen o centro	-Equipo directivo -Titores	-NOF -Plan de Convivencia	2ª quincena de outubro	Ao finalizar a actividade
Dar a coñecer o Plan ás familias	-Coñecemento das normas que rexen o centro	-Equipo directivo -Titores	-NOF -Plan de Convivencia	2ª quincena de outubro	Ao finalizar a actividade
Concienciar ás	-Reunións informativas	-Titores/as -Claustro	-NOF -Calendario	Mínimo, unha vez	Ao final de cada



familias	pais/nais e titores/as	-Equipo directivo -DO	escolar -Circulares -PAT	por trimestre	trimestre
Concienciar ao alumnado	-Titorías -Análise co alumnado da calquera incidencia que afecte á convivencia -Obradoiros -Celebracións	-Titores/as -Pais/nais -Equipo directivo -DO -Claustro	-NOF -Plan de convivencia -PAT -Películas -Xogos -Outros	Durante todo o curso	Ao final de cada trimestre -Ao final da actividade
Potenciar condutas positivas	-Celebración do día da Paz -Celebración do día da muller traballadora -Outras	Claustro	-Material escolar - Dependencias do centro -Outros	-Ao redor do 30 de xaneiro -Ao redor do 8 de marzo	Ao finalizar a actividade
Favorecer unha relación positiva escola/familia	-Reunións cos pais/nais -Enquisas	Comunidade educativa	-Enquisas -Circulares	Todo o curso	3º trimestre
Favorecer o contacto do alumnado de distintos cursos	-Sesións de teatro, películas, charlas,... -Saídas escolares -Actividades conxuntas no centro	Claustro	-Material escolar Dependencias do centro -Outros	Todo o curso	Ao finalizar as actividades
Aprender estratexias de resolución de conflitos	PAT	Claustro	PAT	Todo o curso	Ao final de cada trimestre



Actuacións coordinadas do profesorado	-Toma de decisións conxuntas -Actuacións segundo o acordado	-Claustro -DO e CCP -Equipos Docentes	-NOF -PAT -Plan de convivencia	Todo o curso	Ao final de cada trimestre
-Detectar situacións de acoso escolar	-Observación -Entrevistas co alumno/a e a súa familia -Reunións cos traballadores de SS.SS.	Comunidade educativa	-NOF e PAT -Plan de convivencia -Enquisas -Servizos Sociais	Todo o curso	Ao final de cada trimestre
-Detectar situacións de maltrato infantil	-Observación -Entrevistas co alumno/a e a súa familia -Reunións cos traballadores de SS.SS	Comunidade educativa	-NOF e PAT -Plan de convivencia -Enquisas -Servizos Sociais	Todo o curso	Ao final de cada trimestre
-Detectar situacións de violencia sexista	-Observación -Entrevistas co alumno/a e a súa familia -Reunións cos traballadores de SS.SS	Comunidade educativa	-NOF e PAT -Plan de convivencia -Enquisas -Servizos Sociais	Todo o curso	Ao final de cada trimestre

8. Normas de convivencia do centro. (dereitos e deberes de toda a comunidade educativa).

As normas de organización e funcionamento de cada centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

Recollerán a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.

Establecerán os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes ou estas sexan menores de idade non emancipados/as.

As normas de convivencia, que serán elaboradas polos centros docentes, terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

Concretarán os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e no D. 8/2015.

As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no plan de convivencia do centro.

O equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.

Correspóndelle ao equipo directivo do centro levar a cabo as actuacións necesarias para a difusión das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia entre a comunidade educativa.

a. Normas xerais de convivencia.

- Non arroxar ningún obxecto ao chan, empregando para isto as papeleiras colocadas para ese efecto.
- Está terminantemente prohibido fuma en todas as dependencias do centro, tanto internas como externas, exclúese da prohibición a vivenda do conserxe.
- Os alumnos deben asistir as actividades complementarias que se desenvolvan no centro, salvo que por excepcións o Equipo Directivo considere conveniente que determinados alumnos non as realicen.
- O hurto de material do centro, dos mestres ou dos compañeiros considerárase falta moi grave.
- As normas de convivencia e disciplina son de obrigado cumprimento tanto nas actividades lectivas como nas complementarias e extraescolares.

i. Respecto á circulación no centro de persoas alleas ao mesmo durante a xornada escolar.

Evitarase a súa circulación para evitar a interrupción da actividade escolar nas aulas.

b. Normas de convivencia do centro.

i. Apertura e peche do centro.

A apertura realizarase ás 9:00 co toque de timbre e a entrega por parte dos pais e/ou tiores legais dos alumnos aos mestres nas filas dos porches de infantil e primaria.

O peche do centro será ás 14:00.

Os alumnos con discapacidade recoñecida do 33% serán recollidos e entregados pola coidadora ais pais no hall do centro. O mesmo tratamento recibirán os alumnos con incapacidade motórica temporal acreditada documentalmente.

As cancelas de acceso ao recinto escolar abriranse ás 8:55 e ás 13:50, sendo o seu encargado o conserxe do mesmo. Os alumnos accederán ao centro acompañados polo pai/nai e/ou tiores legais.

ii. Entradas e saídas do centro.

- Respecta-la puntualidade nas horas de entrada ó Centro.
- Ás entradas no Centro, unha vez iniciada a actividade escolar, deberán ser xustificadas por escrito polos pais ou tiores.Os impreso correspondente ao mestre
- As saídas durante a xornada escolar soamente serán permitidas ante a presenza dunha persoa responsable. Os pais ou tiores poderán solicitar o impreso correspondente ao mestre
- Á saída do Centro os alumnos, de non ser recollidos polos seus pais e pasado o "período de cortesía" establecido en 15 minutos, serán entregados a autoridade competente para a súa entrega no domicilio familiar.

iii. Respecto á educación infantil.

No período de adaptación en 3 anos, haberá un horario flexible segundo o establecido na P.X.A.

- O acceso ao centro farase en fila dende o porche de infantil.
- Non se pode acceder aos espazos pechado con carros de bebé, paraugas,...
- Ó carece-lo Centro de coidadores para alumnos sen minusvalía, os pais/tiores dos alumnos de E. Infantil terán que estar dispoñibles para acudir ao Centro, no caso de que os seus fillos teléfono de contacto preferentemente fixo.

iv. Respecto ao control de asistencia.

- Deberase xustifica-la non asistencia á clase ao Titor mediante una comunicación escrita dos pais ou tiores. - A falta a clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación dos criterios xerais de avaliación e a propia avaliación continua. De constatarse a falta a clase de modo reiterado o Centro ten a obriga de iniciar o "Protocolo de absentismo" de acordo coas disposicións vixentes.

v. Respecto á impartición das clases.

- Crearase o clima de silencio necesario, ó entra desenrolo da clase. - Non se comerán durante as clases chicles, caramelos - Non se permite aos alu teléfonos móbiles, receptores de radio, consolas,... ou calquera outro aparello que poida distorsionar o normal funcionamento da clase.



O profesor poderá retirar ao alumno estes aparellos poñéndose en con outro conduto,coa familia para a súa entrega e devolución. - Tolerancia, comprensión e respecto coas opinións dos compañeiros. - Mostrarse unha actitude aberta, receptiva e respectuosa ante as observacións ou correccións que lles fagan os profesores.

vi. Respecto aos intervalos entre clases.

- Non se poderá saír das aulas sen unha causa xustificada. - O diálogo deberá transcorrer nun clima de absoluta corrección. - Absterse de causar calquera clase de molestias ós compañeiros. - Fora das horas lectivas, o alumnado non pode estar no interior das aulas, salvo que se achen en compañía dun profesor/a ou obteñan deste o seu permiso.

vii. Respecto á circulación nos corredores.

- Absterse de berrar, golpear as portas, etc... - Circular con normalidade, evitando as carreiras e todo tipo de condutas agresivas. - Evita-la permanencia nos mesmos sen unha causa xustificada. - Ter unha actitude de respecto ós diversos carteis, murais, plantas e obxectos que nel se atopan.

viii. Respecto aos tempos de lecer (recreos).

- Absterse de supera-los límites do espazo de xogo. - Evitar todo contacto con persoas alleas ao Centro. - Facer que transcorran en harmonía e respecto cos outros nenos. - Respetar e obedece-las indicacións dos profesores responsables do recreo - Non tirar obxectos ao chan.Utilizalas papeleiras e contedores de lixo.

ix. Respecto ás instalacións.

- Trata-las instalacións escolares con responsabilidade para axudar á súa conservación. - Conservar en bo estado calquera material escolar.

x. Respecto á vestimenta.

A vestimenta do alumnado debe estar acorde coa actividade que se realice.Para a clase de Educación Física é imprescindible o Non son admisibles as prendas que impidan dalgún xeito a identificación clara do alumno/a.A superficie da face debe estar libre de prendas ou complementos tales como pasamontañas, gafas de sol, etc

xi. Respecto aos servizos.

- Coida-la hixiene no uso dos mesmos. - Velar pola súa mellor conservación. - Usalos preferentemente no tempo d - Evita-lo uso en horas de clase, excepto nos casos de necesidade. - Uso responsable do papel hixiénico. -Non derramar auga ao facer uso dos servizos, nin tirar obxectos nos mesmos, e non permanecer neles senón o tempo imprescindible. Considérase billas abertas ou cerrar as claves de paso intencionadamente.

xii. Respecto ás saídas extraescolares.

-As saídas extraescolares son actividades voluntarias para o profesorado. -As faltas de disciplina e/ou atención ás normas facultará ao profesorado da actividade para decidir a participación ou

non dos alumnos infractores. -Os alumnos que teñen limitada a mobilidade, temporal ou permanentemente, ou requiran unha especial atención para participar na actividade deberán ir acompañados do, pai, nai ou persoa que autoricen por escrito.

xiii. Respecto á sala de mestres.

A Sala de Mestres é unha zona reservada para o traballo docente e a realización de gardas. A esta dependencia, en horario escolar, so está permitido o acceso os membros do Claustro de Profesores.

xiv. Varios.

Non se permite a posesión ou utilización de obxectos, sustancias,..... que poidan considerarse perigosas, desagradables,.... Os alumnos non poden traer ao centro escolar xoguetes ou outro tipo de utensilios sen autorización do seu titor ou profesor de área. Non se permite o uso do ascensor Pola súa perigosidade non se pode saltar o peche perimetral nin colgarse nas varandas.

8.1. Normas a seguir polos mestres.

Segundo o NOF do noso centro os mestres rexeranse polo establecido no ROC das escolas de Educación Infantil e primaria, as circulares da Xefatura territorial, da Inspección e as normas e acordos tomados no Claustro e Consello Escolar do propio centro.

- Cumprir e facer cumprir tódolos puntos do NOF.
- Participar nas convioxatorias dos claustros.
- Elixir os representantes do Consello Escolar.
- Fgormar parte dun equipo e participar nas reunións.
- Colaborar nas tarefas da Biblioteca do centro e da aula.
- Velar polo material do centro.
- Asistir con puntualidade ao centro.
- Tomar parte da vixilancia dos tempos de lecer segundo as quendas establecidas na PXA.
- Acompañar ordenadamente ao curso con quen ten clase á entrada e a saída.
- Na primeira reunión da CCP nomearase o secretario e proporase o Xefe de actividades complementarias.
- Antes do 30 de setembro os coordinadores presentarán as propostas para a PXA.
- O primeiro día laboral do curso farase o primeiro Claustro.
- Os mestres tratarán de establecer cos pais e/ou titores legais as relacións necesarias para conseguir unha maior coordinación no proceso escolar e na culminación dos fins programados
- Os pais terán información periódica da marcha do proceso escolar do seu fillo. Serán convocados no mes de outubro para recibir explicacións dos obxectivos a acadar no



curso. Todos os martes poderán recibir información directa dos mestres que inciden na marcha escolar.

Como dereitos e deberes do profesorado segundo o D. 8/2015 e a Lei 4/2011 destacamos:

PROFESORADO	
DEREITOS	DEBERES
Ser respectados	Respectar as normas de convivencia
Recibir un trato adecuado	Facer respectar as normas de convivencia
Ser valorado pola comunidade educativa	Adoptar as decisións axeitadas para manter un adecuado ambiente de convivencia
Desenvolver a función docente nun ambiente educativo adecuado	Correxir as condutas contrarias á convivencia
Que se preserve a súa integridade física e moral.	Colaborar na corrección das condutas contrarias á convivencia.
Que se recoñezan as súas facultades para manter un adecuado ambiente en clase e nos tempos de lecer	Colaborar na prevención das condutas contrarias á convivencia.
Protección xurdica adecuada as súas funcións.	Informar aos pais do proceso socioeducativo
Participar no proceso educativo	Informar sobre as alteriacións da convivencia
Acceder á información na atención á diversidade e na conflictividade	
Recibir estímulos axeitados para implicarse en actividades e experiencias relacionadas coa convivencia e a mediación	

8.2. Normas a seguir polos pais e/ou titores legais.

- Os pais e/ou titores legais poderán participar nas actividades do centro a través da ANPA.
- Deberán interesarse pola realización das actividades dos seus fillos, debendo facilitar aos mestres que o soliciten todo tipo de información relativa aos seus fillos.
- Deben prover aos seus fillos de todos os medios necesarios (libros, cadernos e material de traballo) para levar a cabo as tarefas e actividades que se indiquen.
- Colaborarán no cumprimento dos deberes dos seus fillos respecto ao centro: puntualidade, orde, hixiene...



- Todo pai está obrigado a a tendan todas aquelas citacións que reciba do colexio, debendo comunicar as enfermidades dos seus fillos coa maior brevidade posible, para poder tomar as medidas oportunas.
- Todo pai que desexe manifestar algunha suxestión ou queixa respecto á Organización do centro ou persoal do mesmo, poderá tramitala a través do titor ou dos representantes de pais no Consello escolar ou ao Director.

Como dereitos e deberes do profesorado segundo o D. 8/2015 e a Lei 4/2011 destacamos:

PAIS E NAIS	
DEREITOS	DEBERES
Ser respectados	Coñecer, participar e apoiar o proceso educativo
Recibir un trato adecuado	Coñecer as normas de convivencia
A estar informados	Fomentar o respecto por toda a comunidade educativa
Facilitarlles o acceso ao profesorado	Colaborar ba prevención das condutas contrarias á convivencia
Recibir información sobre as normas de convivencia	Colaborar na corrección das condutas contrarias á convivencia.
A ser oídos nos procesos disciplinarios	
A participar no proceso educativo	

8.3. Como Dereitos e deberes do alumnado.

Segundo o D. 8/2015 e a Lei 4/2011 destacamos:

ALUMNADO	
DEREITOS	DEBERES
Que se respecte a nosa integridade, identidade e dignidade persoal	Respectar as normas de convivencia
Recibir información integral e coedutiva que contribúa ao desenvolvemento da nosa personalidade.	Participar na mellora da convivencia
Participar no proceso educativo	Colaborar na mellora da convivencia
Protección integral contra agresións físicas	Respectar o dereito dos meus compañeiros á educación
Protección integral contra agresións morais	Respectar a dignidade do profesorado e das



	súas funcións.
Participar na elaboración das normas de convivencia	Respectar a liberdade de convicións relixiosas e morais
Participar na resolución de conflitos	Respectar a igualdade entre homes e mulleres.
Participar no proceso educativo	Respectar a dignidade, integridade e intimidade dos membros da comunidade educativa.
Participar nas tomas de decisións en materia de convivencia	

9. Establecemento das condutas contrarias á violencia.

Os centros docentes porán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu plan de convivencia e no seu protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

Garantíraselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

Clases de condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 deste decreto.

9.1. Condutas gravemente prexudiciais para á convivencia.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo presente NOF.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalación e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.



h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos cando se é requerido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións imposta

9.2. Condutas leves contrarias á convivencia.

- As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a),
- Os actos de discriminación da alínea b)
- os actos de indisciplina da alínea c
- os danos da alínea g)
- osificados da alínea h)
- e as actuacións do punto anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta acordo coa alínea j) do punto anterior
- A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- O incumprimento das normas de convivencia do NOF.

9.3. Prescrición das condutas contrarias á convivencia.

As condutas gravemente prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado/ interesada, do procedemento para a

corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

Actuacións correctivas para o fomento da convivencia no centro, en xeral

Para crear o clima escolar seguro e acolledor que o alumnado precisa, están elaboradas as normas de convivencia recollidas no NOF. Ante unha conduta disruptiva, poderanse aplicar as seguintes medidas disciplinarias:

1. **Amoestacións verbais:** Falarase seriamente co alumno/a, tentando que comprenda os efectos negativos da súa conduta, tanto para si mesmo como para o resto da comunidade educativa
2. **Consecuencias naturais:** Deixar que o/a alumno/a experimente as consecuencias lóxicas da súa conduta co fin de que perciba por que a norma non acatada é importante
3. **A reflexión:** Ubicar ao alumno/a nun lugar neutro ou pouco estimulante durante un breve período de tempo para que reflexione sobre a súa acción inadecuada ou dito de outra maneira, establecer o tempo fóra (técnica de modificación condutual)
4. **Privación da realización dalgunha actividade que lle guste:** Facerlle ver deste xeito que a decisión de incumprimento das normas, pode ter para el/ela consecuencias non desexadas

Actuacións para cos alumnos/as que presentan alteracións de comportamento

Se coas medidas anteriores non é suficiente para "corrixir" a conduta e xorden alteracións de comportamento graves, poranse en marcha as seguintes actuacións:

1. Actuacións iniciais

- a. Comunicación da situación: Porase en coñecemento do profesor/a titor/a e do equipo directivo a conduta detectada
- b. Información á familia: Porase en coñecemento da familia do/a alumno/a a situación (por medio da axenda escolar, comunicación telefónica ou escrita ou polo medio que se considere máis adecuado) e se lle informará da medida disciplinaria que se lle imporá ao alumno/a, de xeito que este/a perciba que a familia e a escola están de acordo.
- c. Pronóstico Inicial: No caso de alteracións continuadas e/ou graves, iniciarase unha recollida de información, por parte do profesorado, para analizar as causas da conduta.
 - i. Disfuncións no proceso de ensino-aprendizaxe
 - ii. Situacións desfavorables de tipo familiar, socioambiental, etc
 - iii. Algún tipo de déficit ou patoloxía psíquica.
- d. Toma de decisións



- i. Decidir o tipo de medida correctiva a aplicar, que estará recollida no NOF
- ii. Comunicarse coa familia no caso de non telo feito antes
- iii. No caso de desordes comportamentais continuados, comunicarse a situación a outros organismos e servizos (Pediatra, Servizos Sociais)
- iv. Comunicar a situación ao Observatorio da Convivencia do centro
- v. Seguir coas actuacións posteriores, se procede

Todas estas actuacións quedarán recollidas nun informe elaborado polo/a profesor/a titor/a en colaboración co/a orientador/a e coa xefatura de estudos.

2. Actuacións posteriores

a. Avaliación do comportamento problemático. Levarase a cabo unha avaliación co obxectivo de determinar as causas que o provocan, analizando tamén os acontecementos que o preceden e as consecuencias de ditos comportamentos que se fará a través dun rexistro individualizado polos mestres do equipo docente que traballe co/ coa alumno/a. Avaliarase:

- i. O alumno/a de forma individual: Recabarase información dos servizos alleos ao centro que teñen relación co/a alumno/a
- ii. O Centro: Alumnado, profesorado e persoas que estean relacionadas coa conduta disruptiva. Estudiarase tamén outros aspectos como a organización da clase, agrupamentos, actuación do profesorado, se a disfunción é debida a problemas de aprendizaxe
- iii. A Familia: Manteranse reunións para recabar información cos organismos e servizos sociais nos casos nos que a alteración puidese ter algunha relación co ambiente familiar

b. **Plan de actuación**: Programarase un plan de actuación para o/a alumno/a por parte do/a Departamento de Orientación (todos os seus integrantes) e o/a mestre/a titor/a, que será presentado ao resto do equipo docente do/a alumno/a e ao resto do claustro. Este plan deberá incluír os seguintes aspectos:

Actuación co alumno/a individualmente: Neste apartado incluíranse os obxectivos de conduta, selección e aplicación de técnicas que se traballarán con el/a, os momentos nos que se traballarán individualmente e en grupo, así como a temporalización que se considere oportuna para a consecución dos obxectivos e as persoas implicadas

En relación co centro (profesorado, alumnado, persoal non docente, etc):

Medidas adoptadas en relación co comportamento disruptivo (organización e dinámica da clase, ubicación espacial na aula, aceptación ou rexeitamento do/a alumno/a por parte dos/as compañeiros/as, desenvolvemento do currículo...).

Medidas de apoio escolar no caso de seren precisa a súa inclusión no programa de reforzo educativo ou de aula de apoio.

Medidas a seguir no caso de que se dea unha conducta disruptiva nun momento determinado, que terán que ser coherentes e coordinadas entre todos os membros do claustro

En relación co ámbito familiar: Co fin de manter unha liña de actuación común e aumentar deste xeito a eficacia da actuación, estableceranse unha serie de reunións coa familia, nas que se lles explicará en que consiste a actuación programada, daránselles orientacións de actuación irase avaliando a eficacia de ditas actuacións

En relación con outros ámbitos: Establecemento de comunicacións informativas e de coordinación con outros organismos (Servizos sanitarios e/ou sociais) que teñan relación co/a alumno/a.

Actuacións ante unha situación de posible intimidación ou acoso entre iguais

No caso de ter a sospeita dalgún caso de intimidación ou acoso entre alumnos/as procederase do seguinte xeito:

Actuacións inmediatas: de carácter urxente

- Coñecemento da situación: Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeita unha situación de acoso ou intimidación, deberá poñela en coñecemento do/ profesor/a titor/a, do orientador/a ou do equipo directivo
- Recollida de información: O equipo directivo en colaboración co orientador/a e o titor/a recabarán a información precisa, utilizando os medios adecuados para asegurar a confidencialidade
- Valoración inicial. Primeiras medidas: Tomaranse as medidas que se consideren precisas logo da primeira valoración. Elaborarase un informe que quedará rexistrado na secretaría. As familias dos alumnos/as implicados será informadas de ditas dilixencias

Actuacións posteriores. Protocolo de actuación

Estas medidas estarán coordinadas polo equipo directivo en colaboración co orientador/a e o titor/a

Adopción de medidas de carácter urxente

- * Medidas de apoio directo á vítima

- * Revisión urxente da utilización de espazos e tempos do centro por parte do acosador/a
- * Aplicación do NOF segundo se estime convinte
- * Segundo a gravidade do caso, posta en coñecemento e denuncia ás instancias correspondentes

Posta en coñecemento: Comunicación a:

- * As familias dos/as alumnos/as implicados/as
- * O observatorio da convivencia do centro
- * Equipo de profesores/as dos alumnos/as implicados e demais membros do claustro
- * Inspección educativa
- * Outras instancias (sanitarias, sociais ou xudiciais)

Apertura de expediente: Abrirase expediente que quedará depositado no centro e comprenderá tres fases de intervención (este expediente tamén servirá para as condutas contrarias á convivencia):

1. Recollida de información de diferentes fontes:
 - Documentación existentes sobre os afectados
 - Resultados da observación directa e sistemática
 - Entrevistas e cuestionarios coas persoas relacionadas cos afectados/as (pais/nais, profesores/as, alumnado, persoal non docente...)
2. Emisión dun pronóstico inicial
3. Liñas básicas de actuación nas que se incluírán:
 - Reunións co equipo de profesores/as do grupo de alumnos/as afectados
 - Avaliación de necesidades e recursos con reparto de responsabilidades para solucionar o conflito

Plan de actuación

4. Coa vítima:
 - Actuacións de apoio e protección expresa, directa ou indirecta
 - Programas e estratexias específicas de atención e apoio persoal
 - Posible derivación a servizos externos (sociais, sanitarios, xudiciais...)
5. Cos agresores/as:
 - Aplicación das medidas do NOF.

- Aplicación de programas de modificación de condutas
 - Posible derivación aos servizos externos (sociais, sanitarios, xudiciais...)
6. Cos compañeiros/as máis directos dos/as afectados/as:
- Actuacións dirixidas á sensibilización hacia o problema
 - Actuacións dirixidas ao apoio entre compañeiros/as, dentro do PAT
7. Coas familias:
- Pautas de intervención no fogar
 - Información e asesoramento sobre servizos de apoio externos ao centro.

10. Normas para o funcionamento da Comisión de convivencia

A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na Lei e decreto, anteriormente citados, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

Será quen dinamice, revise e actualice o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de todos os sectores da Comunidade Educativa

10.1.Composición

Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Estará composto por:

- O/a director/a, que presidirá
- O/a xefe/a de estudos
- 2 representantes do profesorado no Consello Escolar, procurando que un deles sexa do 3º ciclo. Un/unha actuará como secretario/a
- 1 representante das familias no Consello escolar, a ser posible da APA

Ademais, formarán parte do observatorio, aínda que non sexan membros do Consello escolar:

- O/a Orientador/a
- Titores/as relacionados co tema a tratar en cada sesión.
- Profesionais do concello (Educación, Sanidade, Servizos Sociais...) implicados na mellora da convivencia, sempre que sexa posible.

Tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes. No caso de coincidencia dalgún dos cargos docentes, darase paso a un membro do departamento de Orientación.

10.2.Competencias

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

10.3. Periodicidade das reunións

O observatorio de Convivencia reunirse, polo menos, unha vez por trimestre e todas aquelas que se consideren necesarias pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Elaborará un informe que recollerá as incidencias producidas no período, as actuacións levadas a cabo e os resultados acadados.

10.4. Aula de convivencia.

A aula de convivencia inclusiva terá por finalidade substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

O plan de convivencia incluirá, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos:

a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica.

Seguindo a liña deste plan de convivencia e tendo en conta as instalacións do noso centro e as características do mesmo, a aula de convivencia non terá unha ubicación estable. Ademais sinalar que a persoa encargada de desempeñar as funcións dentro da mesma, non poderá ser a mesma en todas as horas polo que faremos uso das gardas. Esta aula créase como unha aula de reflexión traballo cos seguintes obxectivos:

- Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións.
- Educar nas emocións e sentimentos a través do diálogo, intentando axudar a reconstruír a súa autoestima e autocontrol.
- Contribuír a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- Axudar a adquirir unha boa disposición cara as tarefas escolares.
- Coñecer as normas de convivencia, as normas de aula e o NOF.

- Previr a posta en marcha de medidas máis extraordinarias de corrección.

Estará dotada de mobiliario, carteis que faciliten o diálogo e a reflexión e diverso material didáctica (curricular das distintas áreas, de modificación de conduta e reflexión e de habilidades sociais).

A Aula aspira a ser un banco de recursos en construción permanente, dispoñible e aberto á participación e aportacións de toda a comunidade educativa.

O dinamizador de convivencia coordina a aula coas seguintes funcións:

- Achegar a información necesaria ás familias, e ao profesorado de garda na AC
- Controlar a asistencia do alumnado á AC, así como o aproveitamento das clases.
- Facer un seguimento da conduta do alumnado implicado e do respecto dos compromisos adquiridos
- Coordinarse coa xefa de estudos a fin de facer a análise e o seguimento dos casos que acoden con asiduidade a este servizo, e a súa derivación a outras instancias (procesos disciplinarios, control do absentismo, orientación escolar, mediación, servizos sociais, etc.).
- Levar un rexistro informático das incidencias.

Axudará ao alumnado a:

- Reflexionar sobre as consecuencias da súa conduta inaxeitada e a necesidade de mellorar.
- Dialogar, comprometerse, compartir propostas, acordar, controlar os impulsos e emocións....
- Elaborar documentos de compromiso que favorezan o seu cambio de conduta.
- Adquirir habilidades sociais e a mellorar a autoestima.
- Motivalo.
- Educar en valores.
- Responsabilizarse de encontrar ao profesor das materias nas que vai a estar ausente durante a súa estancia temporal, recoller as materias que lle encomenda e realízalas baixo a supervisión do de garda de AC.

Criterios de derivación

- Ser reincidente na súa actitude e conduta contraria ás normas de convivencia.
- Cando se acumulen catro partes de incidencia, as persoas titoras derivarán os mesmos á Xefatura de Estudos
- Naqueles casos que a gravidade da incidencia así o indique, a comunicación á Xefatura de Estudos, será inmediata.
- Vulnear o compromiso de convivencia suscrito con anterioridade polo alumnado (co profesorado de área, coa persoa titora, coa persoa orientadora ou coa xefa de estudos).



- Presentar deficiencias na súa autoestima, autocontrol, relacións persoais, na súa disposición cara as tarefas escolares ou de integración escolar e/ou social.

O alumnado será proposto pola Comisión de Convivencia na súa reunión a proposta da xefatura de estudos que se coordinará coas persoas titoras. A permanencia do alumnado na Aula de Convivencia será decisión da Comisión de Convivencia:

- Tempo de permanencia: de 1 día a 3 días.
- Nº máximo de veces que un alumno/a pode ser derivado á AC: 2 veces por trimestre. Deste modo abrírase expediente disciplinario se estas superan as posibilidades que oferta a aula.
- Nº máximo de alumnos/as que poden atenderse simultaneamente na aula: 2 alumnos/as.
- Queda a criterio da xefatura de estudos derivar directamente á Aula ao alumnado que requira unha actuación inmediata.

b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

c) Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

Esta documentación incorporárase nos anexos e outras xa forman parte do Plan de Atención á Diversidade ou do Plan de Acción Titorial, como o programa de Habilidades Sociais.

d) Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

Está en proceso de ubicación completa no centro.

11. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros.

Protocolo de comunicación:

Entre a persoa coordinadora e a xefatura de estudos: na reunión da Comisión de Convivencia que se establecerá segundo ditamine o Equipo directivo nos documentos correspondentes do centro.

Entre a persoa coordinadora, o profesorado de garda na Aula de Convivencia e o profesorado que imparte clase ao alumnado sancionado: a través da información que se reflecta



nos informes que se cumprimentarán no momento en que o alumnado acceda ao aula de convivencia.

Entre a xefatura de estudos e as persoas titoras: elaborárase un informe detallado do conflito acaecido para ter toda a información relativa a estes e poder tomar medidas posteriormente. Ademais tamén se informará ao Departamento de Orientación coa finalidade de establecer as medidas oportunas de cara a recuperación da boa conduta.

Entre o alumno/a e os profesores/as:

- Das materias que tería no día que permanece na Aula de convivencia:
 - Buscándoos e pedíndolles o traballo que ten que facer na aula de convivencia.
- De garda na Aula de Convivencia:
 - Facer a reflexión de modo activo.
 - Facer os traballos enviados.
- Entre o alumnado e as familias:
 - Levando a casa a ficha de reflexión e o compromiso para informar e reflexionar cos pais.
- Entre o Centro e as familias:
 - Xefatura de Estudos informará ás familias da decisión adoptada pola Comisión de Convivencia mediante carta con acuse de recibo.
- A persoa coordinadora da AC será a encargada de enviar ás familias, unha copia da ficha de reflexión e compromiso asinada polo alumno/a e que deberá ser devolta á coordinadora coa sinatura dos seus pais.

12. Estratexias para difundir o plan de convivencia.

Nos termos establecidos pola consellería competente en materia de educación, impulsarase o recoñecemento e a difusión das actuacións, dos programas e das medidas para a mellora da convivencia escolar que os centros educativos leven a cabo coa participación dos membros da súa comunidade educativa.

O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa.

Desde a páxina web do colexio, as redes sociais nas que a mesma se da a coñecer así como a través do Consello escolar, daranse a coñecer todos aqueles plans e proxectos que se leven a cabo no centro educativo co fin de mellorar a convivencia tanto no centro como fóra del.

Intentarase pedir a colaboración deste órgano para dar a coñecer os documentos do centro a todos os pais coa finalidade de traballar nunha mesma dirección.

13. Seguimento, avaliación e mellora do plan.

Ao final de cada avaliación e no último tramo do curso, a Comisión de Convivencia fará unha avaliación do traballo realizado. Utilizando a información recollida, axudándose de cuestionarios aos diferentes compoñentes do Centro e outros instrumentos de observación, calibraranse os logros conseguidos e as carencias detectadas para propor como mellorar o funcionamento da Aula de Convivencia en cursos sucesivos, tendo en conta que é unha tarefa de construción continua coas achegas de todos os membros da comunidade educativa.

A avaliación do Plan de Convivencia farase durante toda a aplicación do plan:

- Inmediatamente despois da realización de cada actividade
- Unha vez ao trimestre a través da Comisión da Convivencia do centro
- De forma global, ao finalizar o curso, na memoria final, onde se recollerán:
 - Nivel de consecución dos obxectivos
 - Actividades realizadas
 - Grao de participación dos compoñentes da comunidade educativa
 - Propostas de mellora.

A avaliación será crítica e construtiva, para mellorar os obxectivos e actuacións do plan cada curso escolar.

En Lugo, a 12 de xuño de 2015